

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 292/0216

Procedida á convocatoria para a contratación do servizo de mantemento do alumeadado público municipal, instalación eléctricas de edificios e dependencias municipais, instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio e materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento, e unha vez rematou o prazo de presentación de propostas, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación

VOGAIS:

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.
- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.
- Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do concello.
- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

SECRETARIA DA MESA: Carmen Trillo Mouzo, funcionaria do concello.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública para o día **2 de agosto, martes, ás 10:00 horas**. Se a Mesa acorda admitir á empresa presentada e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, procederase acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE C, Criterios dependentes dun xuízo de valor, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Corcubión a 28 de xullo de 2016

O Alcalde

A Secretaria

Manuel Insua Insua

Irene Suárez López